

LATÍN

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas** / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un MÁXIMO DE 2. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

Conxuración de Catilina / *Conjuración de Catilina*

Catilina, nobilissimi generis vir, sed ingenii pravissimi, ad delendam patriam coniuravit cum quibusdam claris quidem, sed audacibus viris. A Cicerone urbe expulsus est. Socii eius deprehensi in carcere strangulati sunt. Ab Antonio, altero consule, Catilina ipse victus proelio est et interfectus.

1.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas.

Segunda guerra púnica

Hannibal usque ad quartum miliarium urbis accessit, equites eius usque ad portam. Mox consulum cum exercitu venientium metu Hannibal ad Campaniam se recepit. In Hispania a fratre eius Hasdrubale ambo Scipiones, qui per multos annos victores fuerant, interficiuntur; exercitus tamen integer mansit.

2.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

O asno e a lira / *El asno y la lira*
Asinus iacentem vidit in prato lyram.
Accessit et temptavit chordas ungula;
sonuere tactae. «Bella res, sed mehercules
male cessit,» inquit «artis quia sum nescius.
Si repperisset aliquis hanc prudentior,
divinis aures oblectasset cantibus».

3.1. Traduza o texto / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico / Literatura y léxico.

4.1. Desenvolva un dos dous temas / Desarrolle uno de los dos temas:

4.1.1. A obra épica de Virxilio / *La obra épica de Virgilio (2,5 puntos).*

4.1.2. Principais personaxes da comedia plautina / *Principales personajes de la comedia plautina (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestións / Responda una de las tres cuestiones:

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "extraescolar", "informal", "interlineal", "reestruturar/reestructurar", "ultravioleta" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas: "casus belli", "de facto", "ex aequo", "nota bene", "pro indiviso" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "A Estrada", "Lugo", "Maceda", "Padrón", "Triacastela" (2,5 puntos).*

LATÍN II

O exame consta de 4 preguntas de 5 puntos cada unha, das que pode responder un **MÁXIMO DE 2**. Se responde máis preguntas das permitidas, **só serán corrixidas as 2 primeiras respondidas**. / *El examen consta de 4 preguntas de 5 puntos cada una, de las que puede responder un **MÁXIMO DE 2**. Si responde más preguntas de las permitidas, solo serán corregidas las 2 primeras respondidas.*

PREGUNTA 1. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas. / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

O emperador Tiberio / *El emperador Tiberio*

Tiberius ingenti socordia imperium gessit, gravi crudelitate, scelestas avaritia, turpi libidine. Nam nusquam ipse pugnavit, bella per legatos gessit suos. Quosdam reges ad se per blanditias evocatos numquam remisit. Hic tertio et vicesimo imperii anno, aetatis septuagesimo octavo, ingenti omnium gaudio mortuus est in Campania.

1.1. Traduza o texto. / *Traduzca el texto (4 puntos).*

1.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto. / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto. (1 punto).*

PREGUNTA 2. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas. / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

Dous machos e as súas cargas / *Dos mulos y sus cargas*

Muli gravati sarcinis ibant duo:

unus ferebat fiscos cum pecunia,

alter tumentes multo saccos hordeo.

Ille onere dives celsa it cervice eminens

clarumque collo iactans tintinnabulum;

comes quieto sequitur et placido gradu.

2.1. Traduza o texto. / *Traduzca el texto (4 puntos).*

2.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoña unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto. / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 3. Textos e gramática. Lea o texto e conteste as cuestións a el vinculadas. / Textos y gramática. Lea el texto y conteste las cuestiones a él vinculadas:

As árbores dos deuses / *Los árboles de los dioses*

Olim quas vellent esse in tutela sua,
divi legerunt arbores. Quercus Iovi
et myrtus Veneri placuit, Phoebus laurea,
pinus Cybelae, populus celsa Herculi.
Minerva admirans, quare steriles sumerent
interrogavit. Causam dixit Iuppiter.

3.1. Traduza o texto. / *Traduzca el texto (4 puntos).*

3.2. Analice morfolóxica ou sintacticamente (escoja unha das dúas posibilidades) o fragmento subliñado no texto. / *Analice morfológica o sintácticamente (escoja una de las dos posibilidades) el fragmento subrayado en el texto (1 punto).*

PREGUNTA 4. Literatura e léxico. / Literatura y léxico:

4.1. Desenvolva un dos dous temas. / Desarrolle uno de los dos temas:

4.1.1. Principais características da *Eneida* de Virxilio / *Principales características de la Eneida de Virgilio (2,5 puntos).*

4.1.2. A obra historiográfica de Tito Livio / *La obra historiográfica de Tito Livio (2,5 puntos).*

4.2. Responda unha das tres cuestión. / Responda una de las tres cuestiones:

4.2.1. Sinale o prefixo de orixe latina e explique que significado achega nas seguintes palabras / *Señale el prefijo de origen latino y explique qué significado aporta en las siguientes palabras: "antebrazo", "cisalpino", "inframundo", "prehistoria", "suburbano" (2,5 puntos).*

4.2.2. Explique o significado das seguintes expresións latinas / *Explique el significado de las siguientes expresiones latinas: "ad libitum", "in mente", "memorandum", "sine die", "vox populi" (2,5 puntos).*

4.2.3. Explique o significado dos seguintes topónimos de orixe latina / *Explique el significado de los siguientes topónimos de origen latino: "Acibeiro", "Foz", "Milladoiro", "Portomarín", "Vilameá" (2,5 puntos).*

ABAU 2021
CONVOCATORIA ORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “Catilina, varón de moi nobre liñaxe, pero de índole moi malvada, conxurou para destruír a patria xunto con algúns varóns certamente ilustres, pero ousados. Foi expulsado da cidade por Cicerón. Os seus aliados foron capturados e estrangulados no cárcere. O propio Catilina foi vencido en combate e matado por Antonio, o segundo cónsul”.

2.1. “Aníbal acercouse ata o cuarto miliario da cidade; a súa cabalaría ata a porta. Logo por medo aos cónsules que chegaban cun exército Aníbal retirouse á Campania. En Hispania son matados polo irmán daquel Asdrúbal ambos os dous Escipións, os cales foran durante moitos anos vencedores; non obstante, o seu exército permaneceu íntegro”.

3.1. “Un asno viu unha lira tirada nun prado.

Acercouse e palpou as cordas co pezuño;
soaron ao seren pulsadas. «Cousa fermosa, pero, por Hércules,
saíu mal», dixo, «porque son ignorante da arte.
Se tivese encontrado aquela alguén máis experto,
tería deleitado os oídos con divinos sons»”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise

morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que explicar as características principais da *Eneida* de Virxilio: contido, estrutura, principais personaxes, forma e estilo.

4.1.2. Hai que comentar os principais personaxes das comedias de Plauto. Para alcanzar a máxima cualificación é suficiente presentar cinco tipos de personaxes distintos.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas, poñendo algún exemplo de uso en contexto adecuado.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden. Se algún dos topónimos ten varias posibilidades de interpretación, darase por boa calquera desas posibilidades.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2021

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación

ABAU 2021
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
LATÍN II (cód. 30)

O exame consta de 4 preguntas, das que hai que responder un máximo de dúas, combinadas como se queira. Se algún alumno/-a responde máis de dúas, serán tidas en conta soamente as dúas primeiras que presente.

PREGUNTAS 1, 2 e 3. Textos e gramática (ata 5 puntos):

Cuestión 1. Valorarase con ata 4 puntos. Hai que traducir ao galego ou ao castelán o fragmento proposto, demostrando que se comprende correctamente o texto orixinal, que se recoñecen con exactitude o seu léxico e as súas estruturas gramaticais e que se é capaz de trasladar todo o seu contido de forma precisa, equivalente e correcta na lingua de destino. Soamente se pide a tradución correspondente.

Unha posible tradución dos textos propostos é a seguinte:

1.1. “Tiberio exerceu o poder con gran indolencia, grave crueldade, criminal avaricia, vergonzosa luxuria. En efecto, en ningún sitio loitou en persoa, levou a cabo as guerras a través de legados. A algúns reis convocados ante el con encantos nunca os devolveu. Este no vixésimo terceiro ano do seu mandato, no septeuaxésimo octavo da súa idade, con gran alegría de todos morreu en Campania”.

2.1. “Dous machos ían cargados con fardos:
un levaba cestas con diñeiro,
o outro sacos ateigados de moita cebada.
Aquel, rico coa carga, vai fachendoso coa cerviz erguida
e sacudindo unha brillante choca no pescozo;
o compañeiro séguelo con paso calmo e tranquilo”.

3.1. “Noutro tempo os deuses elixiron as árbores
que querían ter baixo a súa tutela. A aciñeira gustoulle a Xúpiter
e o mirto a Venus, a Febo o loureiro,
o piñeiro a Cibeles, o alto chopo a Hércules.
Minerva admirándose preguntou por que escollían
as estériles. A razón díxoa Xúpiter”.

Cuestión 2. Valorarase con ata 1 punto. Hai que analizar morfolóxica ou sintacticamente o fragmento sinalado no texto proposto para tradución. Na análise morfolóxica débese identificar correctamente que clase de palabra é cada unha das unidades do fragmento e indicar as categorías gramaticais de cada unha delas, atendendo ao valor concreto desas palabras no texto en cuestión. Na análise sintáctica débense explicar as estruturas sintácticas que hai no fragmento e as funcións sintácticas de cada un dos elementos que integran esas estruturas. Admítese calquera método de análise que sexa correcto.

PREGUNTA 4. Literatura e léxico (ata 5 puntos):

4.1. Hai que responder a un só dos dous temas propostos, que permitirá acadar ata 2,5 puntos. Se algún alumno/-a responde a máis dun tema, terase unicamente en conta o que desenvolva en primeiro lugar. Valorarase a exactitude e a calidade dos contidos referidos exclusivamente ao tema preguntado, e tamén a claridade e a corrección da exposición.

4.1.1. Hai que explicar as características principais da *Eneida* de Virxilio.

4.1.2. Hai que comentar as principais características da obra *Ab urbe condita* de Tito Livio.

4.2. Hai que responder a unha soa das tres cuestións propostas, que permitirá acadar ata 2,5 puntos (0,5 cada elemento). Se algún alumno/-a responde a máis dunha cuestión, terase unicamente en conta a que presente en primeiro lugar. Valorarase a explicación precisa, clara e completa de cada termo ou expresión obxecto de pregunta.

4.2.1. Hai que sinalar o prefixo de orixe latina e explicar que significado achega nas correspondentes palabras.

4.2.2. Débese explicar o significado de cada unha das expresións latinas.

4.2.3. Hai que explicar o significado dos topónimos propostos, indicando os étimos latinos dos que proceden. Se algún dos topónimos ten varias posibilidades de interpretación, darase por boa calquera desas posibilidades.

Santiago de Compostela, 16 de xullo de 2021

Xosé Carracedo Fraga

Presidente da comisión de avaliación